

## PROPOSTAS DE TAREFAS PARA 5º E 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL

Desde a escola propoñémosvos realizar unha serie de tarefas de carácter VOLUNTARIO, que sirvan de reforzo aos contidos que traballamos ao longo do primeiro e segundo trimestre. Son tarefas sinxelas e agradables, que non se deben impoñer, senón máis ben estimular e motivar, creando situacións de aprendizaxe e divertimento.

### Un pouquiño de traballo diario:

- Sentarnos tódolos días a facer algo despois de almorzar, para non perder o hábito de estar facendo unha tarefa.
- Ler xuntos, facer debuxos, colorear, facer colaxes, modelar coa plastilina, xogos de mesa, etc.
- Observar o calendario tódolos días, apuntar o tempo que está a facer para logo valorar a nivel semanal como evolucionou.

### Para reforzar a lóxica-matemática os peques poden:

- Axudar a poñer a mesa, os cubertos, vasos, pratos e panos, calculando cantos se necesitan.
- Ordenar obxectos segundo o seu tamaño (de menor a maior e viceversa).
- Xogar a facer series de cousas cotiás: chícharos, garavanzos, lentellas...
- Elaborar receitas sinxelas na vosa compañía. Por exemplo, un biscoito; medir, pesar, calcular, contando cantas culleradas de azucre, vasos de leite, etc. fan falta para facelo.
- Contar todo o que se vos ocorra: cantos tomates compramos, cantos iogures quedan na neveira, cantas cartas trouxo o carteiro, etc.
- Realizar pequenas sumas, escribir a serie numérica, o anterior e o posterior de cada número e utilizar os ordinais.
- Xogar a buscar na casa obxectos de distintas cores e formas.

### Para estimular a lectoescritura podeades:

- Ler en familia contos, historias, cancións, chistes ou calquera artigo de interese para o pequeno/a.
- Antes de comezar a lectura, imaxinade un título para o libro, observade as ilustracións e que intente adiviñar que é o que vai ocorrer, inventade un remate distinto e facede un debuxo sobre o conto.

- Intentar ler un pouco todos os días (con axuda os que o necesiten), ben sexa un fragmento dun conto, palabras sinxelas, unha nota que lle escribades, un xornal, ...
- Escribir nomes, palabras, pequenas historias ou axudarvos a facer a lista da compra.
- Realizar xogos de palabras, adiviñas, ...
- Completar as letras que lle faltan a distintas palabras, adiviñar como se escribe o nome de determinados obxectos.

### Para favorecer a expresión artística:

- Facilitádelle momentos para a expresión artística, procurándolle materiais variados: ceras, pinturas, acuarelas, rotuladores, tesoiras, papeis, etc.
- Realizar manualidades con materiais de refugallo, para fomentar a conciencia de reciclaxe.
- Animádeos a poñer o nome e apelidos nos seus debuxos, eles son grandes artistas e deben firmar as súas obras de arte.
- escoitar música e bailar ao seu ritmo.

### É moi importante axudarlle a conseguir:

- Hábitos de orde: recoller os seus xoguetes, ordenar o cuarto, cooperar nas tarefas do fogar.
- Aprender a escoller, non darlle todo o que pida.
- E sobre todo, desfrutar do voso cariño e compañía, nestes momentos tan complicados.

### Recursos web de interese:

<https://www.colorear-online.com/>

<https://arbolabc.com/>

<https://www.educapeques.com/juegos-educativos>

<http://www.crtvg.es/infantil/programas/os-contos-do-camino>

<https://www.rtve.es/infantil/>